



FANZINE

Verbas encadeadas

Decembro 2019

№ 0

Presentación

de

Verbas Encadeadas



Macamen Alonso



No leito invisible do mar
hai unha lareira preta
onde van brincar
peixiños e bolboretas.
No leito invisible do mar
hai grandes almofadas
onde van danzar
paxariños e fadas.
No leito invisible do mar
hai doces a moreas
onde van merendar
Ariadna e Elea.

20:21 ✓



Don, don, din
O diñeiro vai e ven.
Don, don, din
os ratos tamén.
Cando o diñeiro ve perigo
fuxe sen facer tratos
e leva consigo
os seus amigos ratos.
É o moderno Hamelín
Don, don, din
Don, don, din.
Colle o teu patín
e fuxe deles, Martín.

A xantar

Na casa hai unha pota
Que hai dentro da pota?
Na horta hai unha verza
Que hai dentro da pota?
Na artesa hai unha cebola
Que hai dentro da pota?
Na neveira hai unha costela
Que hai dentro da pota?
Unha verza, unha cebola e unha costela
E con isto faremos unha sopa.

Esther Vázquez





Paraugas

No ceo hai un paraugas
verde como a esperanza,
brinca sempre coas nubes,
elas cántanlle louvanzas.
Verduras tamén no aire,
risas, bailes e lerias,
señoras voando ledas
vense nas nosas feiras.
Botas boas e amarelas,
saias e tamén enaugas,
sombreiro de ala ancha.
Eu quero ser un paraugas!

Lourdes Maceiras



Yoseba MP
Avoas galegas con superpoderes

CHACO-FLETA-AXIÑA-MOLA-PÍI

O taxi de Manola,
polas mañás,
lévame á escola,
acende a luz vermella,
MOLA-MOLA –MOLA.

O tractor de Carmiña,
ten moita forza,
para arar na viña,
traballa moi á présa,
AXIÑA –AXIÑA –AXIÑA.

O taxi de Manola,
MOLA-MOLA –MOLA.

A miña bicicleta,
gústame moito,
" porque era de Saleta,"
corre tanto tanto,
FLETA-FIETA-FLETA.

O tractor de Carmiña
AXIÑA –AXIÑA –AXIÑA.
O taxi de Manola,
MOLA-MOLA –MOLA.

O tren de Marilúz,
ao polo en marcha,
dá voltas ao tuntún,
vai descarrilando
CHACO-CHACO-CHÚN.

A miña bicicleta
FLETA-FIETA-FLETA.
O tractor de Carmiña
AXIÑA –AXIÑA –AXIÑA.
O taxi de Manola
MOLA-MOLA –MOLA.

A moto de Mariví,
é moi rechamante,
de color carmesí,
para que a mires fai
PIPI-PÍ-PIPI -PÍ

O tren de Marilúz,
CHACU-CHACU-CHÚN
A miña bicicleta,
FLETA-FIETA-FLETA
O tractor de Carmiña
AXIÑA –AXIÑA –AXIÑA.
O taxi de Manola,
MOLA-MOLA –MOLA.

Lucía ten un camión,
que está escacharrado,
porque era de Ramón,
ao polo en marcha fai
ROÓN-ROÓN-ROÓN!!!

A moto de Mariví,
PIPI-PÍ-PIPI-PÍ
O tren de Marilúz,
CHACO-CHACO-CHÚN
A miña bicicleta,
FLETA-FLETA-FLETA
O tractor de Carmiña
AXIÑA –AXIÑA –AXIÑA.
O taxi de Manola,
MOLA-MOLA –MOLA.

Dolores Ayán



Dime qué ollas
laido ollomol,
escamudo aborto
da Porta do Sol.

Quedo parado
pretendo entendolo:
un home non é,
tampouco un xurelo.

Aparto a mirada
non podo con elo,
e xiro cara á esquerda
meu Deus, qué vexo!

Dous monstros verdes
de arbusto recortado
fuxidos do maxín
dun desequilibrado.

Xa sei o que ollas
laido ollomol
escamudo malparto
da Porta do Sol.

Víctor Rivas



Sobre un cuadro de Hilma af klint

FESTA!

Hilma pintou a festa!
A alegría que nace no embigo;
alegría de coxguiñas na orella
e bico de boas noites.
Hilma pintou a festa!
Festa dos pés á cabeza,
festa na barriga e nas dedas.
Notable en matemáticas,
e recreo coas amigas,
primeiro día de vacacións,
pilla-pilla coas ondas
e castelo de area con papá.
Agasallo no zapatiño,
moeda baixo a almofada,
candeiñas na torta.
Explosión de petazetas!
Festa!
Hilma pintou a festa!

(Logo Wassily levou o mérito).

Eva Gutiérrez

Hilma af Klint empezou pintar cadros abstractos en 1906



Vassili Kandinsky
Primeira acuarela abstracta, 1910

Empregando as palabras: cumio, patín, burato, fonte e eira.

O vixía

No cumio do tellado do cuarto
dorme un lagarto,
farto.

No patín da casa madruga
unha tartaruga,
en fuga.

No burato da porta da cociña
unha aveláña,
escudriña.

E na fonte, que fai na auga da fonte
o rinoceronte?
Vixía a eira e o monte.

Sofía R



**Eu son o sinal
da vosa evolución.
Son, si.
Son simi0, son.
O simil
da nosa similitude.
Son, si.
Son simio, son.
Todos fomos, si.
Todos fomos simios
na similitude.
e agora somos**

poetas

**e, co prodixio da palabra,
escribimos**

@REVOLUTION

nas paredes

Fran Alonso

E... FINI!